

ACTA Nº 39/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE SETEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.

D. Arturo González Pérez.

D. Victor Pastoriza Lino

Dona Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela.

Secretario accidental D. Jose Rodriguez Veloso

Na casa do Concello de Moaña, o 27 de setembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 36 , correspondente á sesión do 6 de setembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expediente instruídos a instancia dos interesados que de seguido se indican e examinados os informes do secretario e do técnico municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 100/10 – D. RUBÉN ANTEPAZO MIRANDA presenta proxecto básico para a construción dunha vivenda unifamiliar a situar no barrio do Casal – San Martiño- Moaña, redactado polo Estudo de Arquitectura JH. ARKMO visado 11.06.2010. Superficie construída da vivenda: 343,00 m², orzamento das obras: 180.180,86 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR (O.MAIOR)

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 8 de xullo de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

A autorización da Deputación Provincial determina que a distancia mínima da edificación será de 8,30 metros do eixo do vial.

Cédense 57,05 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 1711,50 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Habitabilidade. O tendal integrárase na superficie destinada a área de lavado e anexa a esta.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 689,00 M/2.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícase o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	3.602,18 €
Taxas licenza urbanística	450,28 €
Cartel	110,00 €
Taxas saneamento.....	180,00 €

2.B) EXPTE. 68/10 - D. JOSÉ RAMÓN IGLESIAS RODRÍGUEZ presenta proxecto básico de vivenda unifamiliar no lugar do Caeiro, do barrio de Moureira-Meira, redactado polo arquitecto D. Juan Antonio Rebolledo Inchaurrega, visado o 05.05.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 20 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO. **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 25 de agosto de 2010 para ordenanza 1 das NN. SS de planeamento municipal.

O proxecto inicial presentado queda modificado na parte da memoria relativa a adecuación a normativa recente de habitabilidade, e planos 04, 05, 06, 11, 12, e 13 visados polo COAG con data de 02/08/2010.

Non require informes sectoriais.

Cédese 00,00M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 00,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

A superficie da parcela ascende a 317,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	2.635,52 €
Taxas licenza urbanística	329,44 €
Cartel	110,00 €
Taxas saneamento.....	180,00 €

2.C) EXPTE. 142/09 – D. DAVID GONZÁLEZ PÉREZ E D.^a ALBA MARÍA MARTÍNEZ LOJO presentan proxecto básico para a construción de vivenda unifamiliar con demolición previa dunha vivenda existente, no lugar da Marrúa nº 10, Moaña, redactado polo arquitecto D. Santiago Iglesias Fernández, visado o día 27.05.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR (O.MAIOR)

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 30 de xuño de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

O proxecto cumpre coa autorización do Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Cédese 73,06M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 1755,88 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Queda modificado o proxecto inicial no plano 1b visado polo COAG o 04/05/2010 e os planos 2, 4 e 5 visados o 17/06/2010. O cerramento contra a estrada cumprirá as condición do itinerario paisaxístico da ordenanza.

Habitabilidade. No proxecto de execución a estancia menor da planta baixa conterá o almacenamento persoal correspondente de acordo cos criterios do decreto. O acceso ao almacenamento xeral levarase a cabo a través do espazo de comunicación.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 829,00 M/2.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	2.011,60 €
Taxas licenza urbanística	244,75 €
Cartel	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros.....	180,00 €

2.D) EXPTE. 159/10 - D.^a MARÍA JOSÉ SOTELO GARCÍA E D. MAURO VILLAR FANDIÑO presentan proxecto e execución para cambio de material de cubrición en vivenda unifamiliar, no barrio de Vilela, 184 – Tirán, redactado pola arquitecta D^a María Teresa Fernández Iglesias, visado na data 06.09.2010.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 23 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	148,40 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

2.E) EXPTE. 158/10 – D. EZEQUIEL FRANCISCO MARTÍNEZ SANTOS presenta estudo técnico de cambio de tella e revestimento exterior de fachadas dunha vivenda unifamiliar, situada na Avda. Daniel Castelao nº 41, O Con, redactado pola arquitecta técnica D.^a Sofía Rúa Piñeiro, visado o 14.09.10. Orzamento das obras: 8.776,20 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 23 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fôa de ordenación.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	245,73 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.- DENEGACIÓN DE LICENZA

EXPTE. 135/10 – D. LUIS SANTOMÉ COLLAZO presenta estudo técnico para a conservación e mantemento de cuberta nun galpón existente, situado en Couso nº 11, de Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 04.08.10.

Visto o informe do aparellador municipal do 23 de setembro de 2010, que textualmente di:

ASUNTO: CONSERVACION E MANTENIMENTO DE GALPÓN

INFORME: **Non procede licenza.**

A afección da edificación polo sistema viario determina a necesidade de informe sectorial da Deputación Provincial.

O réxime de “en precario “ que a autorización sectorial especifica como condicionado ineludible non resulta asimilable coas obras de carácter provisional determinadas no Artigo 102 para usos e obras provisionais da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, dado que polas características da solicitude non poden acollerse os criterios que urbanisticamente favoreceran a concesión da licenza.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción	99,43 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal.

4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA

4.A) EXPEDIENTE 21/10 – D. DENIS PAZ COSTA

Vista a instancia presentada por Don Denis Paz Costa, na que expón que pasará a explotar o negocio de TALLER DE CHAPA E PINTURA na rúa Doctor Abal Rúa, 17 de Moaña, que ten licenza de apertura a nome de Jesús Fonseca Santomé, con data 18.07.2005, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 27 de setembro de 2010, que literalmente di:

A petición do concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 27.09.10, en relación coa solicitude presentada por D. Denis Paz Costa, na data do 03.06.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de TALLER DE REPARACIÓN E PINTURA DA RAMA DE MOTOCICLETA, sito na rúa Doctor Abal Rúa, nº 17, pertencente a D. Jesús Fonseca Santomé, teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de TALLER DE REPARACIÓN E PINTURA DA RAMA DE MOTOCICLETA, sito na rúa Doctor Abal Rúa, nº 17, pertencente a D. Jesús Fonseca Santomé. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 26.03.2007**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de TALLER DE CHAPA E PINTURA DA RAMA DE MOTOCICLETA, sito no lugar de Doctor Abal Rúa, nº 17, pertencente a D. Jesús Fonseca Santomé, aprobada pola Xunta de Goberno de data 26.03.2007, a favor de **D. DENIS PAZ COSTA**.

4.B) EXPEDIENTE 27/10 – A COMUNIDADE DE BENS “ATRIA.C.B.” formada polos comeneiros D.^a Romina Iglesias Ríos e D. Marcos Arosa Lois, expón que colleu a titularidade do negocio LATE CAFE Y BAR, en Alcalde Fandiño, nº 12, urb. O Rosal, que ten permiso de apertura a nome de D. José Ignacio Otero Piñeiro, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 20 de agosto de 2010, que literalmente di:

A petición do concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 20.08.10, en relación coa solicitude presentada por ATRIA, C.B., representado por Dna. Romina Iglesias Rios, con domicilio na rúa Magarella nº 34, Sta. Cristina de Cobres – Vilaboa, na data do 19.08.10, pola que solicita o cambio de titularidade a nome de ATRIA, C.B., dunha licenza de apertura de CAFÉ-BAR, PANADERÍA E DEGUSTACIÓN, sito na rúa Alcalde Fandiño núm. 12, baixo, pertencente a D. José Ignacio Otero Rúa, teño a ben poñer no seu coñecemento:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, licenza municipal de apertura de CAFE-BAR, PANADEIRA E DEGUSTACIÓN, sito na rúa Alcalde Fandiño, núm. 12, concedida a nome de D. José Ignacio Otero Rúa. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 05.10.2009**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFE-BAR, PANADERÍA E DEGUSTACIÓN, sito na rúa Alcalde Fandiño núm. 12, pertencente a D. José Ignacio Otero Rúa, aprobada pola Xunta de Goberno de data 05.10.2009, a favor de **ATRIA, C.B.**

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) EXPTE. 134/09 – D. PABLO ESPINOSA DE SOTO, por escrito do 6 de setembro, expón que co fin de completar o expte., achega xustificante da publicación do edicto ditado polo Concello o día 27 de xullo de 2010, e solicita que se lle dea curso ao expediente.

Visto o certificado do secretario accidental do 14 de setembro de 2010 que indica que o anuncio de información pública do expte. 134/09 de obras para a Rehabilitación de cuberta dunha vivenda unifamiliar, sita en Verdeal, Domaio, estivo exposto no taboleiro de anuncios do Concello dende o día 27.07.10 ata o 09.09.10, sen que se presentaran reclamacións,

Visto o informe do aparelador municipal do 20 de setembro de 2010, que literalmente di:

Arturo Garrido García, aparelador municipal, a requirimento do Sr. alcalde, en relación co Proxecto básico e de execución para rehabilitación de cuberta, expediente 134/09, promovido por Pablo Espinosa de Soto, o técnico que subscribe informa favorablemente a solicitude unha vez concluído o trámite de información pública, visto o proxecto, os compromisos de execución de servizos e inscrición no rexistro da propiedade e o informe favorable sectorial da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

Reclámase un pronunciamento favorable da Xunta de Goberno Local que integrará o expediente a remitir a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para autorización previa a

concesión da licenza a teor do determinado no Artigo 41.2.c) da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda pronunciarse favorablemente e que se remita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a autorización previa, segundo se recolle no informe do técnico municipal.

5.B) EXPTE. 74/10 – D. LUIS SANTOMÉ COLLAZO solicitou licenza para obras de construción de rampla de formigón sobre columna de pedra para minusválidos, na parte posterior da parcela, para acceso privado á súa vivenda, coas características que se indicaban na memoria descriptiva.

Por notificación do 22 de xuño de 2010 requiriúselle para que emendara a solicitude achegando determinada documentación, dándolle un prazo de 10 dende a recepción do requirimento para presentala,

Visto que consta a recepción do requirimento o día 23 de xuño de 2010,

Visto o informe do aparelador municipal do 23 de setembro de 2010, que propón o arquivo da solicitude por superarse os prazos concedidos na notificación –registro de saída 2187, do 22.06.10-,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o arquivo do expediente 74/10 - D. LUIS SANTOMÉ COLLAZO, por non ter presentada a documentación que se lle requiriu para emendar a súa solicitude de licenza.

6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DE CIRCUITOS DEPORTIVOS BIOSAUDABLES NAS ÁREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA.

Por acordo unánime da Xunta de Goberno Local do día 6 de setembro de 2010 iniciouse o expediente de modificación da obra “Proxecto de construción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do Concello de Moaña”, e concedéuselle un prazo de tres días hábiles de audiencia á contratista HPC IBÉRICA, S.A. respecto do modificado da obra.

En data 16 de setembro de 2010, o contratista presenta escrito de aceptación do modificado de proxecto,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o proxecto Modificado de Construción de circuitos deportivos biosaudables nas áreas naturais do Concello de Moaña, que non conleva incremento no seu prezo.

7.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA CONSERVACIÓN E REFORMA DO CENTRO CULTURAL ‘ROSALÍA DE CASTRO’ EN DOMAIO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *CONSERVACIÓN E REFORMA DO CENTRO CULTURAL “ROSALÍA DE CASTRO” EN DOMAIO* remitido pola empresa JESUS MARTÍNEZ CONSTRUCCIONES para o seu estudo e aprobación, redactado polo técnico superior de riscos laborais, D. Gonzalo Presa Fernández.

Visto o informe para a aprobación do devandito Plan de Seguridade e Saúde realizado pola coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, a enxeñeira técnica industrial D.^a Cristina Pereira Cameselle, da empresa Norprevención,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *CONSERVACIÓN E REFORMA DO CENTRO CULTURAL “ROSALÍA DE CASTRO” EN DOMAIO*.

8.- CERTIFICACION DA OBRA “REFORMADO PISTAS DE ATLETISMO DE A XUNQUEIRA”

Dáse conta da certificación nº 3 da obra REFORMADO PISTAS DE ATLETISMO DE “A XUNQUEIRA” presentada pola Empresa INDEPO ANTALSIS, asinada polo director de obra D. Jose Luis Dominguez Gonzalez asi como da factura nº 003 de data 01/09/10, por importe de 192.484,42 euros IVE incluído.

Informa o Interventor Municipal, en data 16 de setembro de 2010, que non consta a documentación esixida pola cláusula 33.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

En data 21 de setembro de 2010, o Director de Obra emite informe respecto da porcentaxe de subcontratación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:
Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal toda vez que xa foi incorporado o informe técnico sobre a subcontratación.

Segundo: Aprobar a certificación nº 3 de data 01/09/10, por importe de 192.484,42 euros da obra “Reformado pistas de atletismo de A Xunqueira”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 003 a nome da empresa adjudicataria INDEPO ANTALSIS polo mesmo importe de 192.484,42 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.6220.

9.- CERTIFICACION DE OBRA “INSTALACION DE CÉSPED ARTIFICIAL E REFORMA DE INSTALACIÓNS EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO”

Dáse conta da certificación nº 3 da obra “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y REFORMA DE INSTALACIONES EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO” presentada pola Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. asinada polo técnico

director Jose Luis Dominguez Gonzalez asi como da factura número 160 de data 01/09/10, por importe de 69.383,15 IVE incluido

Informa o Interventor Municipal, en data 16 de setembro de 2010, que non consta a documentación esixida pola cláusula 30.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

En data 21 de setembro de 2010, o Director de Obra emite informe respecto da porcentaxe de subcontratación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal toda vez que xa foi incorporado o informe técnico sobre a subcontratación e por entender suficientemente xustificadas o acordo de modificación da obra conforme á documentación obrante no expediente.

Segundo: Aprobar a certificación nº 3 de data 01/09/10, por importe de 69.383,15 euros da obra “Instalación de césped artificial y reforma de instalaciones en campo de futbol de Domaio”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 160 a nome da empresa adxudicataria Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. polo mesmo importe de 69.383,15 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.63201.

10.- CERTIFICACION DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA)”.

Dáse conta da certificación nº 3 da obra ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA), presentada pola empresa PLYGEPE, S.L., asinada polo director de obra D. Jose Manuel Carballo Moldes asi como da factura nº 10.100 de data 01/09/10, por importe de 2.262,05 euros, iva incluido.

Visto o informe do interventor municipal de data 16 de setembro de 2010, no que emite informe de reparo por non constar a documentación esixida pola cláusula 33.5 do prego, xustificativa da subcontratación.

Visto que a empresa indicou que para a execución das obras subcontratou a unha empresa para os traballos de excavación, por un importe de 3.433,80 € (5,21% do importe de adxudicación) e que nesta 3ª certificación non ten porcentaxe ningún de traballo subcontrado, datos que adiantou do informe que presentará no Concello,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo interventor municipal toda vez que os traballos subcontratados non superan o máximo permitido do 20% e que se incorpore ao expediente o informe de subcontratación emitido,.

Segundo: Aprobar a certificación nº 3 de data 01/09/10, por importe de 2.262,05 euros da obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 10.100 da empresa adxudicataria PLYGEPE, S.L. polo importe de 2.262,05 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3210.63203.

11.- LISTADO DE MONITORES DE XIMNASIA PERSOAS MAIORES

Dáse conta da proposta do tribunal calificador da confección de listado de monitores de persoas maiores

Para a súa aprobación, si procede, pola Xunta de Goberno, detallo a lista dos candidatos a monitores reflexando a puntuación otorgada polo tribunal, unha vez levadas a cabo as correspondentes probas. O non haberse presentado reclamacións este listaxe xa e o definitivo:

RESULTADOS DEFINITIVOS LISTA DE CONTRATACION PARA MONITORES DE XIMNASIA PERSOAS MAIORES

Nome	Valoracion curriculum	Test	Proba practica	Total
CAMIÑA LOJO SERAFIN	1,70	1,20	1,60	4,50
COVELO CEBADA MANUEL	1,20	1,05	1,25	3,50
DEL RIO RIVAS ALFONSO J.	2,13	1,50	2,50	6,13
GALLEGO MIRANDA LINO A	0,48	0,3	Eliminado	
GESTIDO COSTAS PABLO	2,00	1,95	3	6,95
FERNANDEZ VALENCIA OLALLA	2,20	1,35	2,2	5,75
LOPEZ PAZ DOMINICA	1,29	0,75	0,50	2,54
MARTINEZ SOLIÑO MARIA DEL MAR	2,20	1,8	1,6	5,60
MEDRAÑO PORTO OLGA	1,12	0,90	1,70	3,72
NUÑEZ PAREDES SANTIAGO	3,02	2,25	2,25	7,52
SOLLA AGULLA ABRAHAN		1,05	1,10	2,15

Moaña, 27 de Setembro do 2.010

O SECRETARIO DO TRIBUNAL

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda a aprobación do listado referenciado debendo contratarse os relacionados por orden de maior puntuación.

12 .- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DA AXENTE DE EMPREGO

Visto o informe da axente de emprego, que di:

O pasado 15 de setembro publicouse no DOG a Orde do 7 de setembro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar que regula as axudas e subvencións para a contratación ou prorroga da contratación dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

Obxecto: Esta orde subvenciona a entidades locais ou entidades vinculadas ou dependentes de administracións locais a contratación ou prórroga da contratación dos axentes de emprego durante 12 meses para o vindeiro período 2010-2011.

Contía da subvención: A subvención consiste no financiamento do 80% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á seguridade social por todos os conceptos, co límite máximo de 27.046 euros por cada ano e axente contratado.

A subvención concédese por un período dun ano, podendo prorrogarse no futuro por iguais períodos, pero precisándose para cada ano unha nova solicitude e concesión de subvencións.

Xustificación e pagamento: Unha vez concedida a subvención, para poder proceder á súa xustificación e posterior pagamento deberá presentarse ante a Consellería de Traballo e Benestar o contrato ou prorroga de contrato realizado ao axente de emprego, acompañado dunha certificación do secretario sobre os custos da contratación.

A concesión de subvencións para as prórrogas de contratación poderá ter efectos retroactivos sempre que non se interrompese a contratación e a prestación de servizos.

Prazo: O prazo para a presentación de solicitudes remata o día 15 de outubro de 2010.

No caso de que se desexe solicitar subvención para prorrogar o contrato da axente de emprego, no futuro exercicio económico, dende o 14 de decembro de 2010 ata o 13 de decembro de 2011, é necesario aprobar a solicitude de subvención para a prorroga da contratación, ó mesmo tempo que se aproba polo órgano competente un proxecto de traballo para o período 2010-2011.

Debe terse en conta ademais que o plus de locomoción e plus extrasalarial que actualmente cobra a técnica de emprego en nómina non se consideran conceptos salariais e por tanto non son subvencionables.

Acompáñase ao presente informe cadro de custos.

Vista a proposta da Alcaldía do 21 de setembro de 2010, que di:

Á vista do informe emitido pola axente de emprego, e do contido na Orde do 7 de setembro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar reguladora das axudas e subvencións para a contratación ou prorroga da contratación dos axentes de emprego e desenvolvemento local, faise necesario definir a solicitude destas subvencións por parte do Concello de Moaña

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Solicitar ante a Consellería de Traballo subvención para a prorroga da contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local para o Concello de Moaña, cunha duración de 12 meses, durante o período 2010-2011, e por un importe total de 25.711,68 euros.

2º) Aprobar o seguinte proxecto de traballo a desenvolver polo axente de emprego e desenvolvemento local:

DEFINICIÓN DO PROXECTO: Plan de promoción do emprego no Concello de Moaña.

OBXECTIVOS, ACCIÓNS E ACTIVIDADES:

1º) Realización de actividades de información e sensibilización. Enfocadas a dar a coñecer as políticas activas de emprego, así como a traballar na prospección de recursos ociosos ou infrautilizados.

2º) Servizos de información e asesoramento. Atenderanse peticións de información e asesoramento por parte de emprendedores, empresarios, asociacións ou particulares do Concello. Así como servizos de asistencia técnica ós emprendedores.

3º) Realización de proxectos, informes e estudos relacionados co fomento do emprego; colaboración na realización de proxectos de escola obradoiro e obradoiro de emprego, programas integrados para o emprego, colaboración na realización dos programas de cooperación local..., colaboración na realización de proxectos de desenvolvemento local e fomento do emprego. Informes sobre o desemprego e as necesidades formativas e ocupacionais no Concello de Moaña...

4º) Colaboración con outras entidades na posta en marcha de proxectos de fomento do emprego (restantes concellos do Morrazo, tecido asociativo do Concello de Moaña, rede de axentes de emprego da Consellería de Traballo).

5º) Asesoramento tanto ó Concello de Moaña, como ó Patronato Municipal “Beiramar”; en canto a axudas e subvencións relacionadas co fomento do emprego e o desenvolvemento local.

6º) Calquera outra medida que se considere beneficiosa para a mellora do entorno económico de Moaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

13.- BASES SELECCIÓN PARA CUBRIR 1 POSTO DE CONDUCTOR MAQUINISTA

Vista a proposta do delegado de SERVIZOS: que di:

Á vista da necesidade de contratación de 1 CONDUTOR-MAQUINISTA destinado a conducir o tractor desbrozador e a máquina limpa-praias, ante a carencia de persoal adecuado para esas tarefas, faise necesario iniciar o procedemento de selección, así como aprobar os criterios e data de selección dos candidatos e a composición do tribunal cualificador.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar o inicio do procedemento de selección para a contratación de 1 CONDUTOR-MAQUINISTA, en contrato laboral de duración determinada, a tempo completo por Acumulación de Tarefas destinado a limpeza de testeiras e desbroce de camiños . Os concorrentes deberá posuír os carnés de conducir C e E e deberán ter unha experiencia mínima de 6 meses como choferes.

2º) Aprobar os criterios de selección, así como a data de selección dos mesmos.

Os criterios de selección propostos son os seguintes:

Bases de selección para cubrir 1 posto de condutor-maquinista.

PRIMEIRA:OBXECTO

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de cara á contratación de 1 condutor-maquinista destinados a conducir o tractor desbrozador e a máquina limpa-praias do Concello de Moaña.

As contratacións serán de carácter laboral e temporal, mediante contrato por Acumulación de Tarefas. A contratación realizarase a xornada completa, por un periodo de seis meses, a contar dende o 15 de novembro de 2010 ata o 14 de maio de 2011

As retribucións mensuais a percibir serán de : Soldo 1.062,67 euros, P.Puntualidade 30,66 euros, Pagas extras 182,22 euros, Cese 28,35 euros.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario acreditar:

1. Estar en posesión dos carnés de conducir C e E.
2. Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea.
3. Ter 18 anos cumpridos na data de remate de presentación de instancias.
4. Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo. Acreditado mediante declaración xurada.
5. Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

O anuncio de apertura do procedemento publicarase nun xornal de máxima tirada provincial e no taboleiro de anuncios do Concello. As bases faranse públicas no taboleiro de anuncios.

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello de 9:00 a 14:00 horas, desde o luns 4 de outubro ao mércores 13 de outubro de 2010.

No mesmo prazo, os aspirantes acompañarán ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia compulsada do DNI e do documento de afiliación á seguridade social.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartado e), sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental no caso de que o solicítase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da súa experiencia laboral (vida laboral actualizada, contratos, nóminas, certificacións oficiais..) e da súa formación.

CUARTA: LISTADO PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Aos 3 días de rematado o prazo de presentación de instancias (luns 18 de outubro de 2010), publicarase no taboleiro de anuncios do Concello listado provisional de admitidos e excluídos, xunto coa valoración provisional de currículos.

QUINTA: PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS.

Establécese un prazo de presentación de alegacións de 2 días naturais (19 e 20 de outubro), contados a partir do seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello da lista provisional de admitidos e excluídos.

SEXTA: LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Aos dous días despois de rematado o prazo de presentación de alegacións (o día 22 de outubro) publicarase no taboleiro de anuncios do Concello listado definitivo de admitidos e excluídos, xunto coa valoración definitiva de currículos e a data e lugar en que se realizará a proba práctica.

SÉTIMA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: - D. Jesús Boubeta García. Capataz de obras do Concello.

Vogais: - D. Carlos Piñeiro Sarmiento. Secretario do concello de Moaña.

- Dna. María Torea Priegue. Técnica local de emprego.

- D. Eugenio Costa Diz, funcionario de Persoal.

- Un vogal proposto polo comité de persoal do Concello.

Secretario: - Funcionario municipal adscrito á Secretaria.

Serán funcións do tribunal tanto a baremación da documentación aportada cara á valoración de currículos, como a valoración da proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver.

OITAVA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

A selección constará de dúas probas, sendo os seus contidos e cualificacións os que se describen a continuación:

Valoración de currículos: 40 % da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

a) Experiencia profesional:

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación oficial de vida laboral actualizada e copias de contratos ou nóminas, ou de IAE e alta na Seguridade Social no caso dos autónomos, ou mediante outro tipo de certificacións oficiais admitidas en dereito.

A máxima puntuación neste apartado será de 2,00 puntos.

- Por cada mes de traballo como condutor-maquinista 0,10 puntos.
- Por cada mes de traballo como chofer noutros servizos..... 0,08 puntos.

b) Cursos:

Por cada curso acreditado, directamente relacionado co posto de condutor-maquinista ou con traballos de condución de vehículos, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades:

- Ata 40 horas0.10 puntos.
- De 41 a 100 horas.....0.25 puntos.
- De 101 a 200 horas.....0.50 puntos.
- Mais de 200 horas.....0.75 puntos.

A máxima puntuación neste apartado será de 1,50 puntos.

c) Coñecemento acreditado do idioma galego:

So se valorarán os títulos outorgados ou homologados polos organismos oficiais da Xunta de Galicia. A máxima puntuación neste apartado será de 0,50 puntos.

- CELGA-3 0,25 puntos.
- CELGA-4 0,50 puntos.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

Exercicio ou proba práctica. 60 % da puntuación.

Este exercicio consistirá na realización de dúas probas prácticas relacionadas coas funcións que deberán desenvolver: Condución e mantemento do tractor-desbrozador e condución e mantemento do vehículo limpa-praias.

Na fase da proba práctica poderanse acadar un máximo de 6 puntos.

Mediante a valoración de currículos máis o exercicio ou proba práctica os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos.

NOVENA: RESULTADOS DA SELECCIÓN

No seguinte día hábil a aquel en que se realice a última proba de selección, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello un listado contendo os resultados da selección para todos os aspirantes por orde de puntuación.

O tribunal considerará seleccionado para o posto o candidato que maior puntuación acade.

O Tribunal cualificador elevará ao órgano competente as propostas de contratación do aspirante que obteña a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos no Real Decreto 1/1995, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores. Os restantes candidatos, ordenados de maior a menor puntuación, incluíranse nunha lista para a cobertura de substitucións ou contratacións menores de seis meses.

DÉCIMA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 30/1992 de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, a Lei 4/98 de 26 de maio da Función Pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Trballo e Promoción Profesional.

Moaña, setembro 2010

CALENDARIO:

- Luns 27 de setembro: Aprobación bases de convocatoria pola Xunta de Goberno Local.
- Venres 1 de outubro: publicación de anuncio de convocatoria nun diario de tirada provincial.
- Luns 4 de outubro a mércores 13 de outubro: Presentación de solicitudes.
- Luns 18 de outubro: Publicación de listaxe provisional de admitidos e excluídos e puntuación acadada na fase de concurso.
- 19 e 20 de outubro: Presentación de alegacions
- Venres 22 de outubro: Publicación da listaxe definitiva.

- Martes 26 de outubro: Realización das probas prácticas
- xoves 28 de outubro: Publicación no tabuleiro de anuncios da listade de puntuacións provisionais.
- Venres 29 de outubro á mercores 3 de novembro: reclamacións
- Luns 8 de novembro: Aprobación da listaxe definitiva pola Xunta de Goberno Local e proposta de contratacións.
- Luns 15 de novembro: Inicio de Contrato.

Visto o informe do secretario do 16 de setembro de 2010,

Visto o informe do interventor do 24 de setembro de 2010, no que indica que se debe competir o expediente achegando a acreditación da insuficiencia ou inadecuación de persoal para realización das tarefas indicadas nas bases de selección de persoal, e da urxencia e inaprazabilidade da contratación temporal, e no que emite reparo.

Vista a declaración do concelleiro de Servizos do 27 de setembro de 2010, no que informa de que non contan nestes momentos na *plantilla* con persoal que poida levar a cabo eses traballos e que é absolutamente necesario desbrozar os viais que son competencia municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda levantar o reparo do informe do interventor municipal por non contar con persoal que poida levar a cabo ese traballo e aprobar as bases de selección propostas para a contratación dun chofer-maquinistas e a súa convocatoria.

14.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D.^a M.^a Victoria Pérez del Río, traballadora laboral eventual do Concello, solicita un anticipo reintegrable de 1.800 euros. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extinguiase a súa relación laboral co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que a traballadora non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal laboral dá o seu visto e prace á solicitude,

Visto o informe do interventor do 15 de setembro de 2010 no que indica que a cantidade solicitada e o prazo é conforme co convenio colectivo do persoal laboral, e no que indica que o expediente deberá ser completado con informe no que se determine se entre as prazas incluídas na oferta de emprego público dos anos 2007 e 2008 se atopa a ocupada interinamente por dona María Victoria Pérez del Río,

Visto o informe do departamento de persoal do 22 de setembro de 2010 que as Ofertas de Emprego Público de 2007 e 2008 non sinalan ningún posto específico a ocupar entre os cubertos con persoal laboral.

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D^a M^a Victoria Pérez del Río o anticipo solicitado de 1.800 euros, reintegrables en 24 mensualidades, con cargo á partida 9200 83090 – RC 1362.

15.- PLAN DE EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS DE TEMPORADA - COSTAS

O Servizo provincial de Costas de Pontevedra, por escrito con entrada no Concello o día 19 de xaneiro de 2010, remite a documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de temporada, así como o anuncio de información pública e informe sobre eles, no que se pide o estrito cumprimento dos prazos e normas contidos.

O día 29 de marzo de 2010, a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Explotación de terrazas en dominio público terrestre.

Por senllos acordos das xuntas 19 de abril e do 10 de maio de 2010, modificouse o Plan, ampliándoo en tres terrazas máis solicitadas polas persoas interesadas que neles se reflecten,

Vista a notificación da resolución do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, con saída dese organismo o día 22 de setembro de 2010, polo que se aproban as ocupacións temporais do dominio público marítimo terrestre solicitadas polo Concello de Moaña para as instalacións que figuran no expediente, **así como as detectadas como xa emperezadas**, polo período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2010, na que inclúe a relación, e o canon pola ocupación con instalacións de temporada:

INSTALACIÓN/PRAIAS	UNIDADES	SUPERFICIE	TOTAL M2	€/M2/UNIDADE	CANON
					€
SAMERTOLAMEU					
Terraza "Bar Canario":	1	10	10	30	300
Terraza ("lago Alvarez")	1	20	20	30	600
XUNQUEIRA					
Quiosco (M. Campos)	1	20	20	30	600
Terraza (M.Campos)	1	30	30	30	900
Terraza ("Bajamar")	1	10	10	30	300
Terraza ("Estadio")	1	30	30	30	900
ARNADO					

Quiosco (M. Rios)	1	10	10	30	300
Terraza (M. Rios)	1	10	10	30	300
r/ CONCEPCIÓN					
ARENAL					
Terraza "Orensana"	1	22	22	30	660
Terraza "Vaticano"	1	15	15	30	450
Terraza "Cofradía pescadores"	1	30	30	30	900
Terraza "Xardín"	1	10	10	30	300
Caseta sandía	1	7	7	30	210
Terraza "Beiramar" (*)	1	5	5	30 (*)	75
Terraza "Bar Moaña"	1	14	14	30	420
Terraza "Aqua"	1	16	16	30	480
Terraza "Cafetería Diz" (*)	1	15	15	30(*)	169
Terraza "Pizzeria Brun's"	1	20	20	30	600
Terraza "Casa do Mar"	1	20	20	30	600
Terraza "Cafetería fox"	1	15	15	30	450
Terraza "Club Jubilados"	1	4	4	30	120
O CON					
Terraza "Maruxia"	1	30	30	30	900
TOTAL CANON					10.534

* só meses de xuño e agosto, canon proporcional

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a relación remitida por Costas e que se poña o cobro o importe individual de cada canon, trasladándolle o acordo ao recadación.

16.- MODIFICACIÓN ACORDO ANUALIDADES GASTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MOAÑA

En data 12 de abril de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar definitivamente o contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Moaña, á empresa **PRETO DE TI S.L.**, e cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta:

Prezo.- **377.781,84** euros (máis 26.444,73 euros de IVE) distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2010: 83.694 euros (máis 5.858,58 de I.V.E.)

Ano 2011: 90.518,28 euros (máis 6.336,28 de I.V.E.)
Ano 2012: 97.857,60 euros (máis 6.850,03 de I.V.E.)
Ano 2013: 105.711,96 euros (máis 7.399,84 de I.V.E.)

Ditas cantidades, de conformidade ca oferta presentada resultaron da multiplicar por (prezo/hora) **10,7300 €** (IVE non incluído) as horas de servizos previstos para cada anualidade no estudo económico-financeiro que acompaña os pregos de licitación.

Vista a a data de inicio de prestación do contrato, 1 de maio de 2010, e tendo en conta que a previsión da anualidade 2010 ía referidas a doce meses, procede o reaxuste da distribución das anualidades do contrato, polo que na primeira anualidade unicamente se poden incluír oito meses, e engadir catro meses na última das posibles anualidades.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste de anualidades do contrato, quedando distribuídas como se reflicte a continuación, autorizando e comprometendo gasto con cargo á partida 313022703 dos orzamentos municipais dos correspondentes exercizos, e anulando o previo acordo de gasto adoptado ca adxudicación definitiva deste contrato:

Ano 2010 (8 meses): 59.701,72 euros.
Ano 2011 (12 meses): 96.851,11 euros.
Ano 2012 (12 meses): 104.744,48 euros.
Ano 2013 (12 meses): 113.281,16 euros.
Ano 2014 (4 meses): 40.837,86 euros.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao adxudicatario, requirindo para que se persone nas dependencias municipais para suscribir o documento de formalización do acordo de modificación adoptado.

17.- MODIFICACIÓN PREZO CONTRATO DE OBRA “ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA” PARA ADAPTALO AO NOVO TIPO IMPOSITIVO DO IVE

O día 10 de maio de 2010 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar definitivamente a obra de “Acondicionamento da escola de música” á empresa PLYGEPE S.L. por un prezo de 112.074,56 euros, sendo 96.616,00 euros a base imponible e 15.458,56 euros o IVE, calculado con un tipo impositivo do 16%.

O día 6 de xullo de 2010 foi aprobada a certificación de obra nº 1 do 28 de maio de 2010 de Acondicionamento da escola de música por importe de 58.213,59 euros recoñecéndose unha obriga por ese importe con cargo á partida 3250.63200 do orzamento para o ano 2010. Esta certificación de obra foi emitida aplicando un tipo impositivo do 16%.

O día 27 de xullo foi aprobada a certificación de obra nº 2 do 30 de xuño de 2010 de Acondicionamento da escola de música por importe de 39.557,39 euros, recoñecéndose

unha obriga por ese importe con cargo á partida 3250.63200 do orzamento para o ano 2010. Esta certificación de obra foi emitida aplicando un tipo impositivo do 16%.

O día 23 de agosto foi aprobada a certificación de obra nº 3 do 3 de agosto de 2010 de Acondicionamento da escola de música por importe de 9.604,98 euros, recoñecéndose unha obriga por ese importe con cargo á partida 3250.63200 do orzamento para o ano 2010. Esta certificación de obra foi emitida aplicando xa o novo tipo impositivo do IVE do 18%.

Xa que como consecuencia da entrada en vigor do novo tipo impositivo do IVE a partires do mes de xullo de 2010, de acordo co disposto na Lei de orzamentos xerais do estado para o ano 2010, o prezo total do contrato debe aumentar pasando dos 112.074,56 euros iniciais a os 114.006,88 euros, isto é 1.932,32 euros máis, que son o resultado de aplicar ás certificacións de obra pendentes de pago o día 1 de xullo de 2010 o incremento producido no tipo impositivo do IVE .

Visto que mediante a modificación de crédito 17/10 foi incrementado o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 3250.63200 na cantidade de 1.932,32 euros para atender o incremento do prezo pola aplicación do novo tipo impositivo.

Visto que segundo se informa pola Intervención municipal na aplicación orzamentaria 3250.63200 existe un compromiso do gasto contabilizado por importe de 112.074,56 euros (prezo orixinal), dos que xa pasaron a fase O a cantidade de 107.375,96, polo que o remanente de crédito comprometido é de 4.698,60 euros. Visto que na aplicación orzamentaria de gastos citada o crédito definitivo é de 114.007,00 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Incrementar o prezo do contrato administrativo de obras de Acondicionamento da escola de música adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de maio de 2010 á empresa PLYGEPE S.L. por un prezo de 112.074,56 euros, en 1.932,32 euros como consecuencia da aplicación do novo tipo impositivo do IVE á obra pendente de pago a 1 de xullo de 2010.

Segundo.- Comprometer un gasto adicional de 1.932,32 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3250.632000 pola aplicación do novo tipo impositivo do IVE á obra pendente de certificar a 1 de xullo de 2010. (para o rexistro contable deste compromiso anularase o remanente de crédito comprometido existente nesta data realizándose posteriormente un novo rexistro do compromiso de crédito ata acadar o novo prezo total do contrato).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao adxudicatario, requirindo para que se persone nas dependencias municipais para suscribir o documento de formalización do acordo de modificación adoptado.

18.- PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE COTA ALUMNADO AULA DE XIMNASIA DA FANEQUEIRA

Vista a proposta do 27 de setembro de 2010 da animadora sociocultural do Concello, que di:

Debido a que as obras que se están a levar a cabo no local da aula da ximnasia das persoas maiores da Fanequeira **aínda non remataron**, os alumnos teñen que seguir no ximnasio do Colexio da Guía.

Debido a isto, os alumnos, os días que van poder disfrutar da ximnasia son de **dous** días á semana, en vez dos **tres** que teñen estipulado.

Por este motivo e polo que os alumnos da aula da fanequeira pasarán a pagar unha cota de 3 euros/mes dende o mes de outubro ata que rematen as obras no local da Fanequeira, e se trasladen o mesmo.

PROPOSTA

Aprobar a redución da cota mensual de 5 € a 3€ para os alumnos da aula da **Fanequeira**, dende o mes de outubro de 2010 ata remate das obras dese local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

19.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

D. José Faria Fervenza, por escrito do 20 de setembro de 2010, expón que o 9 de setembro ingresou a cota de matrícula mais o primeiro trimestre da Escola Municipal do seu neto, Cristian Faria Rial, e que por erro ingresou 92 euros en lugar dos 81 que correspondían. Solicita que se lle devolva a cantidade pagada a maiores no número de conta que figura na certificación bancaria que acompaña.

Vista a conformidade á devolución da tesoureira municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda devolverlle a D. José Faria Fervenza a cantidade de 11 euros ingresada de máis.

20.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2010

Visto o resume do padrón de auga e saneamento do terceiro trimestre do ano 2010, entregado o día 22 de setembro de 2010 por AQUALIA, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, co que informa da facturación correspondente a ese, por un importe 223.309,24 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de auga e saneamento do terceiro trimestre do ano 2010, por un importe de 223.304,24 euros, e que se expoña ao público polo período de tempo regulamentario.

21.- RECLAMACIÓN DE DANOS POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

D. Abelardo Soliño Otero, por escrito con entrada no rexistro xeral da Subdelegación do Goberno en Pontevedra o día 08.09.10 e no do Concello o día 13.09.10, formula reclamación de danos por responsabilidade patrimonial da administración . Alega que o 2 de xuño de 2010 circulaba co seu vehículo pola estrada de Redondo, en sentido As Barxas-Berducedo, cando lle rebentou a roda dianteira dereita, pola existencia dunha pedra duns 50 cms de diámetro que se atopaba no carril polo que circulaba e que pisou. Solicita que se lle pague a contía de 412,98 euros polos danos valorados no orzamento que acompaña. Achega tamén informe da Policía local e unha estimación de Talleres Davisan, s.l. por dito importe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude porque esa vía non é de titularidade municipal, senón da Deputación provincial.

22.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS DE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS

22.A) O apoderado da empresa Xestión Ambiental de Contratas, por escrito con entrada no Concello o día 17 de setembro de 2010, solicita a devolución de avais, entre eles:

ENTIDADE	OBRA	IMPORTE (€)
BBVA	Mellora de seguridade vial na PO-314 (Avda. Daniel Castelao – Moaña)	17.522,08
ASEFA	Mellora de accesos á zona industrial do Cocho	13.329,86

Vistos senllos informes de secretaría do 21 de setembro nos que indica que o prazo de garantía da obra Mellora de seguridade vial na PO-314 (Avda. Daniel Castelao-Moaña) remata o 31 de xullo 2013; e que o prazo de garantía da obra Mellora de accesos á zona industrial do Cocho remata o 13 de xullo de 2012, polo que nestas dúas obras non procede a devolución da garantía solicitada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar as devolucións solicitadas por non ter finalizado cadanseus prazos de garantía.

22.B) O apoderado da empresa Xestión Ambiental de Contratas, por escrito con entrada no Concello o día 17 de setembro de 2010, solicita a devolución de avais, entre eles:

ENTIDADE	OBRA	IMPORTE (€)
PASTOR	Acopios esculturas “Fisgón”, “Bufón” y “Pájaro loco” da obra: Reforma do paseo martítimo da praia (Moaña)	70.881,10

Visto o informe do secretario municipal do 21 de setembro de 2010 favorable á devolución,

Visto o informe da tesoureira do 27 de setembro de 2010, favorable á devolución da fianza por importe de 70.881,10 euros, a favor de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución do aval solicitado, depositado para responder do acopio de materiais (75% valor dos materiais acopiados), da obra Reforma paseo marítimo da praia, por importe de 70.881,10 €.

23.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXAS E IMPOSTOS

D. Vicente García Copete, por escrito do 25 de maio de 2010, solicita a devolución do importe de taxas e impostos derivados da tramitación do expediente 278/08, pola renuncia á execución dunhas obras cuxa licenza xa fora denegada.

Visto o informe da tesoureira municipal nº 95/10, do 13 de agosto de 2010, que logo de indicar a lexislación e normativa aplicada, recolle que:

De acordo co disposto no artigo 100.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe o feito imponible a "realización" de calquera instalación, construción ou obra, dentro do termo municipal, para a que se requira a oportuna licenza, de xeito que, tal e como se dispón no artigo 102.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o devengo do imposto, e polo tanto a obriga tributaria, xorden nese intre.

Así pois, **sempre que se acredite por parte dos servizos municipais que non se teñen iniciado as obras**, dado que non se ten producido a actuación definitiva do feito imponible do imposto, nin, polo tanto, o devengo do mesmo, non xurde obriga tributaria algunha por tal concepto nin dereito de tal natureza do que sexa titular o Concello de Moaña que xustifique o ingreso do imposto.

A argumentación precedente coincide coa defendida pola xurisprudencia (Tribunal Supremo, sentenza de 13 de outubro de 2001)

Polo que atinxe á devolución do importe correspondente á taxa da licenza, de acordo co disposto na Ordenanza reguladora da taxa por concesión de licenzas urbanísticas do Concello de Moaña, aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 (BOP núm. 250, do 30 de decembro) no seu artigo 11. *En tanto non sexa notificado o interesado, e aínda antes de transcorrer en trinta días desde que se lle notifica o acordo municipal sobre a concesión da licenza, este poderá renunciar expresamente á mesma, quedando entón reducida a taxa ao 50% do que correspondería se se fixese efectiva a licenza. A denegación, a caducidade da licenza, ou a non execución das obras, non dá dereito ao seu titular a obter a devolución dos dereitos ingresados.*

No expediente aportado a esta Tesourería consta acordo de denegación de licenza adoptado pola Xunta de Goberno Local o 30 de novembro de 2009 e notificado ó interesado o 4 de xaneiro de 2010, polo que, consonte ó anteriormente exposto, non procede o reintegro da taxa.

En canto á cantidade ingresada en concepto suministro do cartel de obra, consonte á definición do feito imponible recollida na respectiva ordenanza fiscal (aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004, BOP num 250, do 30 de decembro), procederá a devolución do seu importe sempre que non se tivese producido a súa expedición e suministro, extremo que deberá ser informado polo departamento oportuno.

En base ó anteriormente exposto, esta Tesourería, en aplicación do dereito positivo recollido nas ordenanzas fiscais do Concello (artigo 1.6 do Código Civil), **informa favorablemente a devolución do importe correspondente ó ICIO 457,58 euros, así como o do correspondente ó subministro do cartel de obra (110 euros), sempre que con carácter previo á adopción do acordo se acredite por parte dos servizos técnicos municipais que as obras non foron iniciadas e que non se suministró o cartel de obra.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución do importe do ICIO, 457,58 euros, así como a do correspondente ao subministro do cartel de obra, 110 euros.

24.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 24 de setembro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Iberdrola Generación S.A.U., no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***IBERDROLA GENERACIÓN S.A.U (CIF A95075586)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
AGOSTO 2010	7.214,94	108,22

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do periodo executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LJCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola Generación SAU, por importe de 108,22 euros, polo período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

25.- SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

D. ANTONIO DE PRADA ESCUDERO solicita licenza para a tenza de can de raza considerada como perigosa, para acompañamento.

Nome do can: KENNE, raza: PIT BULL TERRIER

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría do 8 de xullo de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza do can de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

26.- MOBILIDADE

D^a Isabel Rodríguez Silva, por escrito do 31 de agosto de 2010, expón que ten ao seu cargo, no seu domicilio, ao seu irmán, quen ten unha minusvalía de máis dun 86%, polo que solicita unha praza de minusválido na rúa Concepción Arenal 234, xa que a máis próxima ao seu domiiclio está a 200 metros do seu domicilio.

Visto o informe do xefe da Policía local do 5 de setembro de 2010, conformado pola concelleira delegada, no que indica que por necesidades humanitarias procedería anular a praza reservada para minusválidos en Concepción Arenal, nº 206 e marcar unha praza reservada para minusválidos na rúa Concepción Arenal 228,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o cambio de situación da praza reservada para persoas con minusvalía na rúa Concepción Arenal, anulando a situada no nº 206 trasladándoa ao nº 228, de acordo co informe do xefe da Policía local.

27.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
DAVID DEL RÍO SANTOS	Seamento, uso doméstico	Pombal, 22 Meira	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARÍA CONSUELO LEITE SANTOMÉ	Saneamento, uso doméstico	A Borna, Meira	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 20:30 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.